



# 10.- Lapela "archivos"

A lapela "archivos" permite almacenar documentos de diferentes tipos dunha forma moi doada e cun fácil acceso posteriormente ós mesmos, ben desde a propia aplicación web ou desde a APP para dispositivos móbiles.

Os arquivos que podes subir á aplicación son os que teñan formato de imaxe (jpg, png), pdf, zip, rar, odt, doc e docx, e poderás facelo directamente arrastrándoos á zona indicada na lapela "archivos" desde a aplicación web ou desde a APP para dispositivos móbiles, empregando a cámara ou galería do dispositivo.

Os diferentes arquivos que subas á aplicación quedará asociados ó teu usuario e non ós cartafoles que teñas creados, polo que con independencia do cartafol escollido poderás acceder sempre ós arquivos que teñas subidos.

Arrastra os arquivos ata a zona branca para subilos ó teu usuario. Podes tamén facer click sobre a zona branca e escollelos.

Fai click sobre o arquivo para visualizalo nunha nova ventá ou descargalo.

Elimina o arquivo, solicitará confirmación antes do borrado.

Os arquivos que subas desde a web ou **desde a APP** estarán sempre sincronizados para o mesmo usuario, é dicir se borras un nun lugar desaparecerá no outro e, do mesmo xeito, se o sobes nun lugar aparecerá no outro.

Sube arquivos (de imaxe) empregando a cámara ou galería do dispositivo

Accede ós arquivos desde a APP con este botón

